

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

*RESOLUCIÓN do 12 de febreiro de 2018, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión paritaria do convenio colectivo do sector de orquestras de verbena de Galicia.*

Visto o acordo da comisión paritaria do convenio colectivo do sector de orquestras de verbena de Galicia, que foi subscrito o 17 de xaneiro de 2018 pola comisión paritaria conformada pola Asociación Galega de Orquestras (AGO), en representación da parte empresarial, e CC.OO., UGT-Galicia e a CIG, en representación da parte sindical, e de conformidade co disposto no artigo 90, números 2 e 3, do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo,

A Secretaría Xeral de Emprego,

**RESOLVE:**

Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia (Regcon), creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG núm. 222, do 18 de novembro).

Segundo. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

Covadonga Toca Carús  
Secretaria xeral de Emprego

**ANEXO****Acta da comisión paritaria do convenio colectivo do sector de orquestras de verbena de Galicia**

En Santiago de Compostela, ás 17.00 horas do 17 de xaneiro de 2018, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, reúnen-se as persoas a continuación mencionadas, en presenza de Verónica Martínez Barbero, presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais.



Parte empresarial:

Eva Vales Fernández (AGO).

Parte sindical:

María Teresa Pérez Pardo (CC.OO.).

Raimundo Méndez García (UGT-Galicia).

Alejandro Expósito Alonso (UGT-Galicia).

Roberto Alonso Iglesias (CIG).

Pedro Pérez Caride (CIG).

O obxecto da presente xuntanza é a aclaración e interpretación do artigo 19.1 en relación co artigo 27, ambos do convenio colectivo do sector de orquestras de verbena de Galicia.

Logo do oportuno debate e da exposición de posturas por todas e cada unha das representacións presentes, sobre a cuestión obxecto da presente xuntanza, procede reflectir na acta os seguintes aspectos:

Esta comisión entende que o concepto «axuda de custo» recollido na última liña do número 1 do artigo 19 do convenio é unha axuda de custo que pretende compensar o gasto en tal concepto devindicado durante o tempo transcorrido entre o remate da sesión vermú ata a actuación da noite.

O seu importe, 40 €, recóllese no artigo 27 «Axuda por sesión vermú» e, polo tanto, o dito importe ten a consideración de axuda de custo e con esa finalidade foi fixada pola mesa negociadora do convenio.

De conformidade co reflectido no parágrafo anterior, a axuda por sesión vermú, que non ten a consideración de salario, non pode ser obxecto de procedemento de inaplicación do presente convenio colectivo, conforme o referido no artigo 82.3.d) do Estatuto dos traballadores.

Delégase en Ignacio Bouzada Gil, funcionario habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais, para a realización dos trámites de rexistro, depósito e publicación da presente acta.

E non tendo máis asuntos que tratar, finaliza a xuntanza, ás 18.30 horas do día sinalado no encabezamento, e redáctase esta acta que asinan todos os asistentes en proba de conformidade.

